

No longo camiño que a humanidade percorreu dende aquela Siria na que, coa lectura dos signos punzados na arxila, dábase á luz unha das máis altas formas de creación que os seres humanos foron capaces de desenvolver; comunicaron, deron voz á Torre de Babel que habitamos e na que temos a fortuna de posuír un dos idiomas que tanto ten achegado a esta historia da humanidade.

A capacidade de ler o que alguén escribiu cun dedo na terra como facían os profetas. A lectura que permitiu a comunicación entre os seres humanos foi capaz de transmitir o coñecemento. O que nos permite achegámonos a outras culturas, a outros sistemas de valores, de formas de pensar o mundo, o noso estar no mundo. O que nos permite entender, por exemplo, que na filosofía oriental a dialéctica das sociedades occidentais entre o ben e o mal, sexa a dialéctica entre a ignorancia e o coñecemento como única capacidade liberadora do ser humano.

A lectura daranos a capacidade de nos achegar para discernir entre aquilo que é luz e aquilo que é sombra.

A lectura é a que nos dá a capacidade de poder ler no libro do mundo e poder transmitir a sabedoría fundadora doutros mundos que facemos florecer grazas ao talento dos que nos precederon, dándonos as capacidades de ollar a realidade que podemos apalpar ou a realidade que podemos construír no maxín porque existimos, porque temos a capacidade de nos soñar e de enunciar os nosos soños para así poder escribir e ler nas cartografías da alma nosa.

Aquilo que ás veces é ollado coma un adestramento técnico instrumental na realidade é a ferramenta que deposita en nós a responsabilidade, a obriga, de debuxar o mapa dos soños do noso idioma.

Ler, leva o ser humano a un estado no que lle é permitido vivir a experiencia estética e ética da beleza, a que o converte en protagonista de todas as posíbeis manifestacións da vida. Como ben elixiu a profesora Isabel Mociño e anuncia o nome do ciclo, *A lectura coma ferramenta de equidade*. Certamente a lectura democratiza o saber: esa capacidade que na historia era só o privilexio dos iniciados escribas, hoxe é quizais o acto democratizador máis profundo.

Coa lectura temos a capacidade de facer do lonxincuo o próximo, fainos vulnerábeis á beleza, con ela deixámonos atraer polo rumor do distante que habita no noso maxín, como nos falará a escritora Leticia Costas ao nos levar da realidade á fantasía.

Todos os días estamos a reinventar os camiños que nos levan a habitar ese grande baleiro que é o futuro e as súas preguntas aínda sen resposta. É a través dese acto íntimo que se nos fai iguais, coa mesma capacidade de construír, de interrelacionar o saber, o que existe porque foi escrito e o lemos. Ese diálogo interior que temos cos libros habitados por verdadeiras multitudes que nos fai vivir fóra do tempo, que nos fai chantar as raíces na nosa terra e no noso tempo presente buscando os lugares máis fondos do noso ser, que nos axuda a redefinir aquilo que ollamos á luz do coñecemento.

Neste tempo da desinformación por sobreinformación, por saturación, no tempo da imaxe que avasaladora parece querer empequenecer a palabra escrita, o acto de ler constitúese nun acto contra da corrente, nun acto liberador no que somos parte activa, no que somos tan creadores do que lemos como aqueles ou aquelas que o escribiron. Un rapaz ou rapaza que lea moito será unha persoa culta que fará preguntas e buscará respostas, coa paixón da curiosidade, a sensibilidade, o asombro, e terá a capacidade de elixir os camiños para construír o propio futuro.

Pola contra estase xa a falar de adiccións á imaxe aos soportes da imaxe e o mundo en liña como algo que expropia a vontade, que crea dependencia e somete, a través da fascinación como actitude pasiva, ao serlle dadas recompensas facilmente inmediatas, perigosamente, aos rapaces e rapazas, levándoas á incomunicación. Fai rapaces sen capacidade de atención nas aulas, con pobreza de vocabulario, levándoos a soidades non desexábeis. E produce mágoa ler que a educadora canadense Catherine L. Ecuyer recomende menos dunha hora de pantalla antes dos cinco anos, non dende a cualificación pedagóxica senón da saúde neurolóxica da crianza.

O antídoto é a lectura. A mao do mestre, da mestra, axudará a crianza a descubrir o mundo, a realidade, non a construíla, dinos ela.

Nestes meses tiven a fortuna de asistir á aventura dun neno que, despois de aprender a deletrear as palabras, ao lelas e por vez primeira darlles sentido, dende entón, foi outro: posuidor da maxia das palabras que din e dan nome ás cousas e aos lugares que de novo descubre –o nome da rúa onde mora, o nome da praia. Digo isto porque teredes a responsabilidade de algo tan fermoso e tan fundador da súa personalidade como de lles ensinar a ler, e teredes a posibilidade de lles entregar o máis valioso instrumento de transformación das súas vidas, desde o que escribir por vez primeira o seu nome, que é o comezo da enunciación da propia identidade, da súa propia individualidade.

*Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega*

*Campus das Lagoas, Ourense, 2 de outubro de 2018*